

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 23 DE ABRIL DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZASETE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **VINTETRÉS DE ABRIL DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- SUBVENCÍONS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- SERVIZOS SOCIAIS.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 1766, de data 20 de abril de 2009, comunicando, con fin de adoptar as medidas oportunas, que o pozo de bombeo de augas residuais do Polígono Industrial Área-33 está vertindo os residuos a cuneta da estrada nacional 525, debido a que carece de conexión de enerxía eléctrica para poder funcionar. Asimesmo comunica que se restituiron as tapas rotas e que faltaban nos pozos dos servizos de abastecemento, saneamento e pluviais do mencionado polígono, quedando por repoñer algunhas correspondentes ós servizos de electricidade, alumeado ou telefonía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo á Alcaldía.

1.2.- Escrito de Espina & Delfín S.L., rexistro de Entrada de data 17 de abril de 2009, remitindo boletín nº 602149 de análise completo de potabilidade da auga de consumo corresponde a Rede de Abastecemento Municipal (Colexio Público Silleda), levado a cabo

polo laboratorio LABAQUA, acreditado pola ENAC co nº 109/LE285, sendo a data da toma o día 31 de marzo de 2009.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

1.3.- Escrito de Espina & Delfín S.L., rexistro de Entrada de data 17 de abril de 2009, remitindo boletín nº 602147 de análise completo de potabilidade da auga de consumo corresponde o Depósito de Bandeira (ETAP Bandeira), levado a cabo polo laboratorio LABAQUA, acreditado pola ENAC co nº 109/LE285, sendo a data da toma o día 31 de marzo de 2009.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

1.4.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada de data 17 de abril de 2009, remitindo relación de abonados do servizo municipal de augas que teñen recibos pendentes de pago, correspondentes ó 4º trimestre do ano 2008, polo que comunican ó respecto de que non existir obxección, continuarase cos trámites para que de acordo co disposto na lexislación vixente, ultimar os pertinentes expedientes de corte do suministro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito.

1.5.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada de data 17 de abril 2009, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de marzo de 2009 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Miranda Liñares Francisco	Rúa D, 8-5E (Silleda)
González Gómez Eva Natalia	Rúa progreso, 76 baixo (Silleda)
Rodríguez Torreiro Joaquín	Rúa Venezuela, 28-1 (Silleda)
Rodríguez Torreiro Joaquín	Rúa Venezuela, 28-2 (Silleda)
Com. Propietarios Edif. Carboeiro II	Rúa F, 2 baixo (Silleda)
Bravo Pereiras Manuel	Rúa República Arxentina, 5-1B (Silleda)
López Castro José	Avda. do Parque, 29 baixo (Silleda)
González López Manuel	Rúa Santa Eulalia, 9-3A (Silleda)
Rey Fernández María Josefina	Lg. Costela, 16 baixo (Margaride)
García Fariñas Camilo	Rúa República Arxentina, 5-1C (Silleda)
Restaurante Parrillada Bon Xato S.L.	Rúa Trasdeza, 10 baixo (Silleda)
Parroquia de Silleda Sta. Eulalia	Rúa G, 3-2A (Silleda)
Obras Técnicas de Galicia S.L.	Rúa Camilo José Cela, 1-1D (Bandeira)

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Lodeiro Novo Alvaro	Rúa Lourás, 15-1C (Bandeira)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

1.6.- Escrito do Secretario Xeral Autonómico do Sindicato Profesional de Policía Municipales de España (SPPME), Rexistro de Entrada de data 17 de abril de 2009, comunicando a constitución neste concello dunha Sección Sindical do mencionado sindicato, desempeñando o cargo de Presidente Dº Manuel Castro Costoya e de Secretario Dº Alejandro de la Fuente Fernández.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.7.- Escrito de Dº José Luis Lázara Failde, rexistro de Entrada nº 1790, de data 21 de abril de 2009, comunicando a retirada do vehículo abandonado nun descampado próximo a “Maderas Rensuar”, na parroquia de Chapa (Silleda), do que fai referencia a acta-denuncia/inspección nº 2008-101219-00000251, da Patrulla do Seprona de Lalín.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito.

1.8.- Escrito de Dº José Andiñ Cachafeiro en calidade de Presidente da Asociación de Motos Clásicas “Veteranas Deza”, rexistro de Entrada nº 1798, de data 21 de abril de 2009, comunicando que o vindeiro día 07 de xuño de 2009 organizarase a VII Xuntanza de Motos Veteranas do Deza, percorrendo algunhas estradas do Concello.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do itinerario a Policía Local.

1.9.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 1868, de data 23 de abril de 2009, expediente DH.B36.15123 a nome de Eva Pena Froiz, remitindo resolución de data 14 de abril de 2009 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de un pozo situado no polígono 507, parcela 580, referencia catastral 36052C507005800000TI, no lugar de Lourás, parroquia de Manuas (Silleda) cun caudal medio de auga de 0,03 litros/segundo, con destino a usos domésticos e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.10.- Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 1870, de data 23 de abril de 2009, remitindo denuncia ambiental, Acta-denuncia/Inspección nº 2009-101219-00000056, por infracción á normativa sobre residuos e vertidos, contra Dº Manuel Fontao Troitiño por abandono do vehículo marca Renault, modelo 21 GTS, matrícula PO-1830-AB no lugar de Xubín, parroquia de Cortegada (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Dº Manuel Fontao

Troitiño para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo, en caso contrario iniciárase expediente sancionador.

1.11.- Escrito do Servizo de Interior e Administración Local - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 1886 de data 23 de abril de 2009, solicitando información sobre licenza municipal de apertura do establecemento denominado Bar Rúa Vella, sito na rúa Cartaxena, nº 12 de Silleda, así como outros datos sobre a mencionada licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Oficina Técnica Municipal para que proceda a remitir a documentación solicitada.

1.12.- Dase conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1878, de data 23 de abril de 2009, comunicando a elaboración dun convenio entre Deputación e Aerta (Asociación Española de Empresas de Recogida Tratamiento y Reciclaje de Aceites y Grasas) para reciclaxe dos aceites dos fogares, colocando colectores nos municipios que estean interesados, e a súa posterior recollida, sen custo ningún para o Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda levar ó vindeiro Pleno a adhesión do Concello de Silleda ó sinalado convenio para súa aprobación.

2º.- SUBVENCIONS.-

2.1.- Dase conta con convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Silleda para a redacción do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais, tendo como obxecto acordar a participación e colaboración para proceder á redacción do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, que se integrarán nos plans municipais de emerxencias, consonte o establecido na lexislación galega de emerxencias, por ser este Concello unha zona de alto risco (ZAR) segundo o disposto na Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

A Xunta de Goberno local, por unanimidade, acorda quedar enterados do mesmo e remitir unha copia asinada á Consellería do Medio Rural.

2.2.- Escrito da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 1420 de data 31 de marzo de 2009, poñendo en coñecemento o Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX,s) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), asinado o pasado día 19 de xaneiro de 2009. Asimesmo indica que este convenio pretende establecer os mecanismos para levar a cabo unha xestión axeitada dos aparellos vellos de lavadoras, frigoríficos, televisións, máquinas esgotadas, todos eles coñecidos como RAEE,s, e determinar, entre outras obrigas a contía e a forma na que os responsables deste residuos, os Sistemas Integrados de Xestión, van pagar aos concellos os custos que estes

soportan pola recollida deles, e van dotar de contenedores axeitados para o seu almacenamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste convenio e levar este asunto ó vindeiro Pleno da Corporación para tomar acordo sobre a adhesión ou non ó mencionado convenio.

2.3.- Dase conta da Orde do 18 de marzo de 2009 de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e se procede a súa convocatoria, publicada no DOG nº 63 do 01 de abril de 2009.

A Xunta de Goberno Local, visto o expediente confeccionado, por unanimidade acorda solicitar de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar unha subvención de 4.408,00 € destinada a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes, así como nomear á Alcaldesa-Presidenta, D^a Paula Fernández Pena, como representante legal desta entidade.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Dase conta do Plan de Seguridade e Saúde presentado por Construcciones Pereiro y Campos S.L., correspondente a obra do Fondo de Inversión Local denominada “Rehabilitación de Escuela Unitaria para Local Social en Paredes-Silleda”, redactado por Construcciones Pereiro y Campos S.L., e comunicando que D^o Manuel Pereiro Cachafeiro designouse Recurso Preventivo na obra, coa formación en materia de seguridade e saúde correspondente e que a súa vez exercerá funcións de Encargado de Obra.

Visto a Acta de Aprobación deste Plan asinada pola Dirección Facultativa, a contrata e o promotor, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a este plan de Seguridade e Saúde.

3.2.- Dase conta do Plan de Seguridade e Saúde presentado por Construcciones Míguez Xestoso S.L., correspondente a obra do Fondo de Inversión Local denominada “Rehabilitación de Vivienda y Casa Rectoral de Xestoso”, redactado por Construcciones Míguez Xestoso S.L., sendo o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución da obra o Arquitecto Técnico D^o Luis Llorente Taboada.

Visto a Acta de Aprobación deste Plan asinada polo Coordinador de Seguridade e Saúde, a empresa constructora e o promotor, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a este plan de Seguridade e Saúde.

3.3.- Dase conta do Plan de Seguridade e Saúde presentado por Construcciones Sangiao, S.A., correspondente a obra do Fondo de Inversión Local denominada “Mejora y Acondicionamiento de la Calle Santa Olaia”, redactado por Construcciones Sangiao, S.A., sendo o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución da obra o Arquitecto

Técnico Dº José Pereiras Sánchez.

Visto a Acta de Aprobación deste Plan asinada polo Coordinador de Seguridade e Saúde, a empresa constructora e o promotor, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a este plan de Seguridade e Saúde.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Dase conta da solicitude de licencia de obra presentada por Dº JOSE IGLESARIO REGALADE, Rexistro de Entrada nº 74, de data 08 de xaneiro de 2009, para construción de un muro de contención, cerre de parcela e instalación dunha fosa séptica, na parcela nº 19 do lugar de Galán, Parroquia de Iaro (Silleda), segundo o proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo colexio oficial correspondente en data 07 de xaneiro de 2009, expediente PP090011.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 14 de abril de 2009, por unanimidade acorda dar traslado do expediente completo, xunto coas súas alegacións, á Delegación Provincial da Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Urbanismo, a fin de que esta se pronuncie sobre a autorización autonomía previa á licenza municipal.

4.2.- Actividades Clasificadas.

4.2.1.- Licencia Nº 480/09. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Manuel Colmenero Maril en representación de COESCO DEZA, S.L., solicitando Licencia para construción dunha nave industrial para a instalación dunha cociña central de pratos precociñados en cade de frío, a ubicar na parcela nº 2 da mazá nº 4 do Parque Empresarial Área-33, no lugar da Mera (Silleda), actividade incluída no Anexo I, Grupo 1, punto 2.8.9. do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, que dí:

“2.8.9. Producción de alimentos precociñados e afumado, secado e salgas de alimentos”

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 17 de abril de 2009, (Rexistro de Entrada nº 1837, de data 22 de abril de 2009) emite o dictame de incidencia ambiental nos seguintes términos:

a) descrición da instalación: elaboración de pratos precociñados en cadea fría e refrixerada.

Procesos e equipos principais: cociñado, arrefriado rápido de alimentos (abatimento),

conservación e distribución.

Materias primas utilizadas: alimentos e produtos alimentarios.

Consumo de auga e recursos enerxéticos: consumo de auga: 3470 m³/ano, consumo enerxía eléctrica: 121.700 kwh/ano, consumo propano: 300 m³/ano.

Productos finais: 4000 menús/día.

b) Vertidos e emisións:

Emisións á atmosfera: segundo o proxecto non se produce ningún tipo de emisión á atmosfera.

Augas residuais das instalacións: son conducidas a unha EDAR (separación física, decantación e dixestión anaerobia) que se conecta ao colector do polígono industrial, tal e como se recolle no proxecto.

c) Técnicas de minimización na produción de residuos e as medidas relativas a súa xestión:

Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía de acordo coa normativa vixente. Segregación axeitada dos residuos. Evitar particularmente as mesturas que supoñan un aumento da súa perigosidade ou que dificulten a súa xestión posterior. Envasado e etiquetado, de acordo coa lexislación vixente. almacenamento dos residuos en condicións axeitadas de seguridade, tanto para as persoas como para o medio ambiente. Realizarase un correcto mantemento da maquinaria que conduza a unha menor produción de residuos e prolonga a vida útil da mesma.

d) Valores límite de emisión:

Valores límite do verquido: o que estableza o organismo competente na materia.

e) Técnicas de medida, control e avaliación das emisións e verquidos, frecuencia das medicións:

Previo aos puntos de verquido de augas residuais, disporase de arquetas para o control dos verquidos, con acceso directo para a súa inspección por parte da administración. Calquera incidencia será comunicada no momento de producirse, por escrito, aos organismos competentes na materia. A empresa realizará o control, mantemento, limpeza e retirada de residuos do separador de hidrocarburos polo menos unha vez ao ano ou na frecuencia que estableza o organismo competente na materia. A administración poderá inspeccionar as obras e instalacións, sendo por conta do autorizado os gastos que por tal motivo se ocasionen. Así mesmo, a empresa designará a un responsable técnico da instalación da depuración.

f) Medidas correctoras:

Previa á concesión de licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. Traballará coas portas e fiestras pechadas. Tódolos residuos xerados pola actividade xestionaranse con xestores autorizados, según a súa tipoloxía, e de acordo coa normativa vixente. Cumprirá a normativa vixente en materia de

contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruídos do concello.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripciós legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.2.2.- Licencia Nº 2554/08. Visto o expediente instruído a instancia de Dº Luis Iglesias García, en representación de AGRICOLA IGLESIAS Y OTROS S.C., solicitando Licencia de actividade correspondente a Ampliación de estabulación de gando vacún, a situar na finca nº 288, polígono 65 do plano catastral, chamada Agro das Agradas, nas proximidades do lugar de Regalade, parroquia de Cortegada (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 31 de marzo de 2009, (Rexistro de Entrada nº 1698, de data 16 de abril de 2009) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva c.d. 012.42, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) As fosas serán estancas, cubertas e impermeables, en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio natural. O técnico responsable, acreditará previa licenza, a estanqueidade e impermeabilidade das fosas de xurro. A augas de abastecemento procedente de pozo contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade de auga de consumo ademais haberá de proceder a súa inscrición perante o organismo Augas de Galicia. Os residuos que se xeren durante a actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas

por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.3.- Dase conta do expediente promovido por D^o. JOSÉ SÁNCHEZ CARBALLUDE, en virtude de instancia n^o 4394 de data 18 de outubro de 2006, solicitando Licencia para construción dun nicho, a situar no cemiterio parroquial de Saidres, sito no lugar de Maragouzos, parroquia de Saidres (Silleda) segundo memoria técnica redactada polo Arquitecto Técnico D^o José Pereiras Sánchez..

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello, celebrada o día 07 de decembro de 2006, infórmase favorablemente a licencia municipal solicitada e se acorda a remisión do expediente á Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade.

Vista a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, de data 23 de marzo de 2009, Rexistro de Entrada n^o 1624, de data 13 de abril de 2009, non autorizando a intervención solicitada polo forte impacto que o muro traseiro causa sobre o contorno do ben protexido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda notificar a D^o José Sánchez Carballude a resolución anteriormente mencionada, os efectos previstos no artigo 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.4.- Dase conta do expediente promovido por D^o. REMIGIO PENELA GARCÍA, en virtude de instancia n^o 4392 de data 18 de outubro de 2006, solicitando Licencia para construción dun nicho, a situar no cemiterio parroquial de Saidres, sito no lugar de Maragouzos, parroquia de Saidres (Silleda) segundo memoria técnica redactada polo

Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello, celebrada o día 07 de decembro de 2006, infórmase favorablemente a licenza municipal solicitada e se acorda a remisión do expediente á Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade.

Vista a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, de data 23 de marzo de 2009, Rexistro de Entrada nº 1623, de data 13 de abril de 2009, non autorizando a intervención solicitada polo forte impacto que o muro traseiro causa sobre o contorno do ben protexido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda notificar a Dº Remigio Penela García a resolución anteriormente mencionada, os efectos previstos no artigo 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.5.- Licencia de obra maior.

4.5.1.-A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto asesor técnico municipal de data 22 de abril de 2009, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº JOSÉ MANUEL TORRES GONZÁLEZ, con domicilio en Martixe de Abaixo, nº 11 , parroquia de Martixe (Silleda).

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Rehabilitación de vivenda unifamiliar.

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Finca nº 1154, polígono 11 do plano de concentración parcelaria de Latro-Parada, no lugar da Coelleira s/n, parroquia de Parada (Silleda).

d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Proxecto básico e de execución asinados polo Arquitecto Antonio R. Albacete Giménez, visados polo colexio oficial correspondente en data 06 de marzo de 2009

e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 105.420,40 (execución material)

f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados nos informes do asesor técnico municipal, de data 27 de abril de 2009, así como as indicadas pola Dirección Xeral de Urbanismo de data 26 de novembro de 2008, Rexistro de Entrada de 03 de decembro de 2008, no que se sinala:

“concédese autorización previa á concesión de licenza municipal, sinalando que, de conformidade co previsto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, a perso interesada fará constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á

construcción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, e deberalle remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- *superficie da finca:* 1.060 m².
- *uso autorizado:* *Rehabilitación de edificación tradicional para vivenda.*
- *altura máxima:* 5,38 m.
- *superficie ocupada en planta:* 110,05 m².
- *superficie construída total:* 220,10 m²”

g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) **OUTROS:**

- Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 1420/07.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 31,00 € (informe técnico) e 2.371,96 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

4.6.- Dase conta do escrito presentado por D^a Carmen Troitiño Taín, Rexistro de Entrada nº 782, de data 18 de febreiro de 2009, solicitando en relación coa explotación porcina CEA 36052019, ubicada no lugar de Outeiro, parroquia de Parada, na finca denominada “Campiño Longo”, parcela catastral nº 192, polígono 87, licenza de actividade ou certificado do Concello no que se indique que a explotación cumpre coa normativa municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda remitir este expediente á Secretaría Municipal para que proceda a emitir informe xurídico sobre esta petición.

4.7.- Escrito de D^o Antonio Colmeiro Pereiras, Rexistro de Entrada de data 18 de abril de 2009, presentando recurso de reposición ó acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local, correspondente a súa sesión de 16 de decembro de 2008, no que se pón fin á tramitación do expediente de desafectación do camiño sito na parroquia de lamela, ó carón do lindeiro oeste da parcela 1483 da zona de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda desestimar o recurso de

reposición anteriormente mencionado polos motivos expostos no acordo recurrido.

4.8.- Dase conta do escrito presentado por D^a Amalia Costa Rivas, Rexistro de Entrada nº 1759 de data 20 de abril de 2009, en relación á denuncia formulada por D^o Ramón López Castro, asunto que xa foi tratado por esta Xunta de Goberno Local nas súas sesións de 19 de febreiro e 26 de marzo de 2009, mediante o cal presenta copia de escritura con número de protocolo 373, de data 10 de febreiro de 1999, do notario D^o José Luis Lorenzo Arean.

A Xunta de Goberno Local, a vista da documentación presentada, acorda solicitar a D^a Amalia Costa Rivas que aporte os planos que permitan determinar os lindes da propiedade da parcela nº 445, polígono 504, zona 5 do plano de concentración parcelaria da zona de Silleda.

5^o.- SERVIZOS SOCIAIS.-

5.1.- Dase conta do informe emitido pola Asistente Social de Atención Primaria deste Concello, D^a Celia González Peteiro, de data 21 de abril de 2009, no que se indica a baixa no Programa de Teleasistencia Domiciliaria de D^a María Carmen Sánchez Penido, por traslado de residencia o Concello de Vigo en decembro de 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta baixa.

5.2.- Dase conta do escrito asinado por D^o José Manuel Blanco, de data 23 de abril de 2009, sobre baixa no servizo de axuda a domicilio municipal de D^a Flora Blanco Rey por falecemento en data 03 de abril de 2.009.

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta baixa.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as dezaoito horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,